

**Memoria xustificativa e memoria económica do convenio entre o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana e a Comunidade Autónoma de Galicia para a execución do Plan estatal para o acceso á vivenda 2022-2025.**

**1.- MEMORIA XUSTIFICATIVA**

1.1.. Antecedentes

No *Boletín Oficial del Estado* núm. 16, do 19 de xaneiro de 2022 publicouse o Real decreto 42/2022, do 18 de xaneiro, polo que se regula o Bono Alugueiro Mocidade e o Plan estatal para o acceso á vivenda 2022-2025 (en diante, Plan 2022-2025), que establece, no seu artigo 18, os seguintes programas:

1. Programa de subsidiación de préstamos convidos.
2. Programa de axuda ao alugueiro de vivenda.
3. Programa de axuda ás vítimas de violencia de xénero, persoas obxecto de desafiuzamento da súa vivenda habitual, persoas sen fogar e outras persoas especialmente vulnerables.
4. Programa de axuda ás persoas arrendatarias en situación de vulnerabilidade sobrevida.
5. Programa de axuda ás persoas mozas e para contribuír ao reto demográfico.
6. Programa de incremento do parque público de vivendas.
7. Programa de fomento de vivendas para persoas maiores ou persoas con discapacidade.
8. Programa de fomento de aloxamentos temporais, de modelos cohousing, de vivendas interxeneracionais e modalidades similares.
9. Programa de posta a disposición de vivendas da SAREB e de entidades públicas para o seu alugueiro como vivenda asequible ou social.
10. Programa de fomento da posta a disposición das comunidades autónomas e



concellos de vivendas para o seu alugueiro como vivenda asequible ou social.

11. Programa de mellora da accesibilidade en e ás vivendas.

12. Programa de axuda á erradicación de zonas degradadas, do chabolismo e a infravivenda.

13. Programa de axuda para o pago do seguro de protección da renda arrendaticia.

O primeiro dos programas xestiónase directamente polo Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana (en diante, MITMA) e o resto polas Comunidades Autónomas.

O artigo 21.1 do Real decreto 42/2022, do 18 de xaneiro, establece que o MITMA e as comunidades autónomas e cidades de Ceuta e Melilla subscribirán convenios para a execución del Plan.

Para estes efectos, o MITMA remitiu a proposta de convenio para a execución do Plan 2022-2025.

### 1.2. Obxecto e contido do convenio

O obxecto do convenio é o establecemento das pautas de colaboración e os compromisos mutuos das partes en orde a garantir a execución deste plan en Galicia, mediante a actuación coordinada das dúas administracións asinantes.

Respecto ao contido, o artigo 21.3 do Real decreto 42/2022, do 18 de xaneiro, establécese que nos convenios se recollerán, con carácter xeral, os extremos previstos no artigo 16 da Lei 38/2003 e no artigo 49 da Lei 40/2015 e necesariamente:

- a) A previsión dos recursos financeiros a achegar, en cada anualidade, polo MITMA.
- b) A previsión dos recursos financeiros a achegar, en cada anualidade, polas comunidades autónomas e cidades de Ceuta e Melilla.
- c) Os compromisos en materia de xestión do plan que asume cada administración para a súa execución.



d) Os mecanismos de seguimento, control e avaliación das actuacións, e de comunicación e información entre ambas administracións, incluíndo a eventual implantación de sistemas informáticos de uso compartido.

e) A creación da correspondente Comisión de Seguimento, que estará presidida pola persoa titular da Dirección Xeneral de Vivenda e Solo do MITMA.

f) A promoción, publicidade e información das actuacións do plan e a documentación facilitada aos seus beneficiarios, realizada por calquera das Administracións Públicas, que deberá incluír en todo caso a imaxe institucional do Goberno de España-MITMA. As resolucións de concesión das axudas deberán expresar igualmente que estas están financiadas con cargo a fondos do Estado

As previsións de recursos financeiros das partes serán obxecto de análise na memoria económica.

As accións a desenvolver aos efectos do cumprimento do convenio concréntanse en:

1. A tramitación e resolución dos procedementos de concesión e pago das axudas dos programas do plan, nas diferentes modalidades de actuacións, así como a xestión do pago das subvencións.
2. A tramitación, o réxime de revisión e impugnación que corresponda das resolucións ditadas polo IGVS na xestión das axudas do plan.
3. A xestión do financiamento a achegar en cada anualidade por parte do MITMA e dos compromisos de cofinanciamento autonómico das actuacións.
4. O seguimento, control e avaliación do plan 2022-2025.
5. A comunicación recíproca das informacións necesarias para o dito seguimento, control e avaliación.

Os compromisos en materia de xestión do plan que asume cada administración para a súa execución, son os seguintes:

O MITMA, ademais dos compromisos financeiros que se analizan na memoria económica, comprométese a poñer a disposición da Comunidade Autónoma de



Galicia un interface web aberto para a xestión, coordinación e intercambio de información (Portal de intercambio con Comunidades Autónomas e Cidades de Ceuta e Melilla) para facilitar a coordinación e o intercambio de información do plan 2022-2025, así como a correspondente guía.

Os compromisos que asume a Comunidade Autónoma de Galicia, ademais do cofinanciamento do plan 2022-2025, son os que figuran nas cláusula décimo primeira, décimo segunda e décimo terceira do convenio e basicamente son as relativas á tramitación, xestión e pagamento dos diferentes programas de axudas, así como as relativas á comprobación e control das axudas e as informacións que se deben trasladar ao MITMA, as obrigas respecto ao seguimento, control e avaliación do plan 2022-2025 e as obrigas en materia de difusión do plan.

Os programas de axudas que xestionará a Comunidade Autónoma de Galicia a través do IGVS, que é o organismo autónomo adscrito á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda competente para a xestión dos plans de vivenda, tramitaranse mediante a publicación das correspondentes convocatorias segundo o disposto no Real decreto 42/2022, do 18 de xaneiro.

Especificamente os programas de axuda de incremento do parque público de vivendas; de fomento de vivendas para persoas maiores ou persoas con discapacidade; de fomento de aloxamentos temporais, de modelos cohousing, de vivendas interxeneracionais e modalidades similares; de posta a disposición de vivendas da SAREB e de entidades públicas para o seu alugueiro como vivenda asequible ou social; de fomento da posta a disposición das comunidades autónomas e concellos de vivendas para o seu alugueiro como vivenda asequible ou social e de axuda á erradicación de zonas degradadas, do chabolismo e a infravivenda. requiren, ademais da correspondente publicación da orde de participación en cada programa, a sinatura dos pertinentes acordos no seo da Comisión Bilateral de Vivenda, coa participación, de ser o caso, dos concellos interesados.



O convenio regula tamén o seguimento, control e avaliación do Plan 2022-2025 a través da Comisión Multilateral de Vivenda e Solo, constituída pola persoa titular da Secretaría Xeral de Axenda Urbana e Vivenda do MITMA, que a presidirá, e as persoas responsables designadas en cada comunidade autónoma e cidade de Ceuta e Melilla polas titulares das correspondentes consellerías, competentes na materia, con rango mínimo de Director Xeral e a Comisión de Seguimento, constituída polo director xeral de vivenda e solo do ministerio (que a presidirá) e pola persoa titular do órgano competente na materia da Comunidade Autónoma de Galicia.

## **2.- MEMORIA ECONÓMICA DO CONVENIO**

Para implantación do Plan 2022-2025 na comunidade autónoma requírese a sinatura dun convenio de colaboración co MITMA, obxecto deste expediente.

Con carácter previo a cada convocatoria ou á sinatura dos acordos específicos nos programas que así o requiren, tramitarase o correspondente expediente de gasto no que constará de forma clara e diferenciada os compromisos de gasto que se derivan, as aplicacións orzamentarias e a periodificación, e acompañaranse os documentos contables que amporen o gasto.

Polo tanto da sinatura do convenio non se derivan directamente compromisos de gastos, senón que con carácter previo a súa asunción tramitaranse os oportunos expedientes.

O convenio recolle tanto o financiamento como os libramentos dos importes con cargo ao MITMA e recolle o cofinanciamento autonómico conforme ao previsto no artigo 22.2 c) do Real decreto 42/2022, do 18 de xaneiro.

### **2.1. Financiamento con cargo a fondos finalistas do Estado**

Na reunión do Consello de Ministros celebrada o día un de marzo de 2022 aprobouse



o acordo polo que se establecen as contías máximas de gasto estatal que poden chegar a alcanzar as subvencións do Plan 2022-2025 e se autorizou a proposta de distribución territorial das axudas financeiras estatais para a instrumentación das citadas subvencións (acompañase certificación do citado acordo)

A dotación orzamentaria estatal para atender ás subvencións do dito Plan é, en conxunto, e por anualidades, a seguinte:

| ANO          | IMPORTE                       |
|--------------|-------------------------------|
| <b>2022</b>  | 345.000.000,00 euros          |
| <b>2023</b>  | 359.000.000,00 euros          |
| <b>2024</b>  | 368.000.000,00 euros          |
| <b>2025</b>  | 371.000.000,00 euros          |
| <b>TOTAL</b> | <b>1.443.000.000,00 euros</b> |

Na conferencia sectorial de vivenda e solo celebrada o 9 de marzo de 2022 acordouse a distribución entre as comunidades autónomas e cidades de Ceuta e Melilla das axudas financeiras estatais para a instrumentación das subvencións do Plan 2022-2025 (acompañase certificado). Conforme a este acordo a dotación orzamentaria estatal para atender ás subvencións do Plan 2022-2025 na Comunidade Autónoma de Galicia, por anualidades, é a seguinte:

| ANO          | IMPORTE                    |
|--------------|----------------------------|
| <b>2022</b>  | 19.665.000,00 euros        |
| <b>2023</b>  | 20.463.000,00 euros        |
| <b>2024</b>  | 20.976.000,00 euros        |
| <b>2025</b>  | 21.147.000,00 euros        |
| <b>TOTAL</b> | <b>82.251.000,00 euros</b> |

Estes importes son os que figuran, en termos de máximos e por anualidades con cargo ao MITMA, na cláusula cuarta do convenio "límite de gasto ao que se comprometen o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana e a



## Comunidade Autónoma de Galicia"

O financiamento estatal e autonómico contido no presente convenio suxeitarase ao establecido no previsto na letra c) do punto 2 do artigo 22 do Real decreto 42/2022, do 18 de xaneiro.

Na cláusula quinta do proxecto de convenio de colaboración para a execución do Plan 2022-2025, "Financiamento das actuacións dos programas do PEV", recóllese unha previsión do financiamento para as anualidades 2022, 2023, 2024 e 2025, que se incorpora no cadro que se xunta a esta memoria e que respecta as priorizacións establecidas no artigo 22.2 f) g) e h) do Real decreto 42/2022, do 18 de xaneiro.

Os programas que se financian con cargo a fondos estatais para o exercicio 2022, tramitaranse con cargo aos créditos finalistas que constan nos orzamentos do Instituto Galego da Vivenda e Solo (en diante, IGVS) para o exercicio 2022, que estaban inicialmente dotados no plan estatal 2018-2021 e que se reaxustarán aos proxectos do novo plan, que se relacionan na seguinte táboa:

### Programas no que existe dotación de fondos finalistas

| APLICACIÓN        | PROXECTO   | IMPORTE             |
|-------------------|------------|---------------------|
| 08.81.451A. 780.6 | 2018 00005 | 2.500.000 €         |
| 08.81.451A. 780.6 | 2018 00006 | 3.000.000 €         |
| 08.81.451A. 780.6 | 2018 00007 | 4.000.000 €         |
| 08.81.451B.480.6  | 2018 00004 | 2.250.000 €         |
| 08.81.451B.480.6  | 2018 00008 | 5.842.800 €         |
| 08.81.451B.480.6  | 2020 00003 | 459.000 €           |
| 08.81.451B.770.0  | 2019 00004 | 1.518.400 €         |
| 08.81.451B.770.0  | 2019 00006 | 1.633.800 €         |
| <b>TOTAL</b>      |            | <b>21.204.000 €</b> |

Programas que está previsto financiar con fondos finalistas na anualidade 2022 do



convenio para a execución do Plan 2022-2025

| PROGRAMAS                                                                                                                                                                    | IMPORTE             |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------|
| Programa de axuda ao alugueiro de vivenda                                                                                                                                    | 11.250.000 €        |
| Programa de axuda ás vítimas de violencia de xénero, persoas obxecto de desafiuzamento da súa vivenda habitual, persoas sen fogar e outras persoas especialmente vulnerables | 2.000.000 €         |
| Programa de axuda ás persoas arrendatarias en situación de vulnerabilidade sobrevida.                                                                                        | 50.000 €            |
| Programa de incremento do parque público de vivendas                                                                                                                         | 2.698.500 €         |
| Programa de posta a disposición de vivendas da SAREB e de entidades públicas para o seu alugueiro como vivenda asequible ou social                                           | 1.966.500 €         |
| Programa de mellora da accesibilidade en e ás vivendas                                                                                                                       | 1.700.000 €         |
| <b>TOTAL</b>                                                                                                                                                                 | <b>19.665.000 €</b> |

Para a tramitación do convenio, a anualidade prevista para 2022 con cargo aos fondos finalistas, que ascende a 19.665.000,00 €, financiarase con cargo ao crédito inicial en 2022 na modalidade de financiamento 3010 dos orzamentos do IGVS que é de 21.204.000 €, suficiente, polo tanto, para financiar a anualidade 2022 prevista no plan 2022-2025, que é inferior.

Os programas do plan 2022-2025 que se financian son os que se establecen na priorizacións previstas no artigo 22.2 f) g) e h) do Real decreto 42/2022, do 18 de xaneiro, así como aqueles que teñen encaixe nas actuacións en materia de vivenda da Comunidade autónoma evitando a duplicidade con programas autonómicos existentes, que xa están implantados e financiados con cargo a FCA e que non son coincidentes cos deseñados no Real decreto 42/2022, do 18 de xaneiro.

Na cláusula sexta do convenio recóllense os libramentos dos fondos estatais e os criterios de xustificación para os ditos libramentos, en función da asunción dos compromisos financeiros que, nos programas que non requiren da subscripción dun acordo da comisión de seguimento, será a publicación da convocatoria de axudas e a



sinatura do acordo da comisión de seguimento, nos programas que si o requiren. Tras a sinatura do convenio o MITMA realizará un libramento inicial que irá seguido de libramentos posteriores de conformidade co previsto na citada cláusula sexta.

A cláusula sétima regula as liquidacións anuais e final e a oitava a posibilidade de facer reaxustes entre os programas do Plan 2022-2025

## 2.2. Financiamento con cargo a fondos propios da comunidade autónoma

O artigo 22.2 c) do Real decreto 42/2022, do 18 de xaneiro, establece que en cada exercicio, do 2022 a 2025 ambos os dous incluídos, o 70 % do importe que o MITMA se comprometa a achegar a cada comunidade autónoma estará condicionado a que esta cofinancie cunha contía equivalente ao 10 % do dito importe. En caso de que o cofinanciamento da comunidade autónoma sexa menor ao dito 10 % o compromiso do MITMA sobre o 70 % reducirase proporcionalmente.

O 30 % restante estará condicionado a que a comunidade autónoma cofinancie cunha contía do 20 % do mesmo. En caso de que o cofinanciamento sexa menor do dito 20 % o compromiso do MITMA sobre o 30 % reducirase proporcionalmente.

Aos efectos establecidos neste apartado haberá de entenderse que para o cómputo do cofinanciamento autonómico do Plan non so se incluírán os fondos destinados polas comunidades autónomas ao propio Plan, senón que tamén se incluírán os fondos destinados ao Plan Estatal de Vivenda 2018-2021 que non foran computados no mesmo e os fondos que destinen aos programas de axuda do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia regulado no Real Decreto 853/2021, do 5 de outubro, polo que se regulan os programas de axuda en materia de rehabilitación residencial e vivenda social do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. No cómputo destes fondos se considerará todo o comprometido polas comunidades autónomas no exercicio en curso e en exercicios anteriores.

Á vista do anterior, o financiamento autonómico previsto no convenio inclúe tanto



fondos con cargo aos orzamentos do IGVS das anualidades 2022 e 2023, como o exceso de financiamento do plan 2018-2021 e achegas previstas con cargo a FCA no programa 6 do Real Decreto 853/2021, do 5 de outubro.

|                                                                                                                                                                              | 2022                | 2023                | 2024                | 2025                | TOTAL                |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------|---------------------|---------------------|---------------------|----------------------|
| Programa de axuda ás vítimas de violencia de xénero, persoas obxecto de desafiuzamento da súa vivenda habitual, persoas sen fogar e outras persoas especialmente vulnerables | 924.756,00          | 100.000,00          |                     |                     | <b>1.024.756,00</b>  |
| Programa de axuda ás persoas mozas e para contribuír ao reto demográfico.                                                                                                    | 1.550.000,00        |                     |                     |                     | <b>1.550.000,00</b>  |
| Programa de incremento do parque público de vivendas                                                                                                                         | 3.424.744,00        |                     |                     |                     | <b>3.424.744,00</b>  |
| <b>FONDOS PEAV 2018-2021</b>                                                                                                                                                 |                     | 3.779.309,00        | 1.300.000,00        | 1.803.314,00        | <b>6.882.623,00</b>  |
| <b>FONDOS MRR</b>                                                                                                                                                            |                     | 2.259.591,00        | 4.992.800,00        | 4.540.786,00        | <b>11.793.177,00</b> |
|                                                                                                                                                                              | <b>5.899.500,00</b> | <b>6.138.900,00</b> | <b>6.292.800,00</b> | <b>6.344.100,00</b> | <b>24.675.300,00</b> |

O importe dos fondos destinados ao Plan Estatal de Vivenda 2018-2021 que non foron computados no mesmo, será reaxustado, unha vez asinado o convenio, xa que a maior parte deles (6.476.934,46 €) se corresponden co programa do bono de alugueiro social, tendo en conta as anualidades futuras das convocatorias 2020 e 2021 e a convocatoria de 2022 que se traspasarán ao programa do bono de alugueiro como prestación, que se está a tramitar, polo que se reaxustarán imputando os OK ao plan 2018-2021 e o resto ao novo plan, pero para facer este reaxuste o MITMA esixe que se asine antes o convenio co financiamento previsto nel. En todo caso o financiamento autonómico total no variaría, ascendendo aos importes esixidos no artigo 22.2 c) do Real decreto 42/2022, do 18 de xaneiro, para acceder ao 100% do financiamento estatal, quedando como sigue despois do reaxuste:



|                                                                                                                                                                              | 2022               | 2023               | 2024               | 2025               | TOTAL               |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------|--------------------|--------------------|--------------------|---------------------|
| Programa de axuda ás vítimas de violencia de xénero, persoas obxecto de desafiuzamento da súa vivenda habitual, persoas sen fogar e outras persoas especialmente vulnerables | 924.756 €          | 1.400.000 €        | 700.000 €          | 300.000 €          | 3.324.756 €         |
| Programa de axuda ás persoas mozas e para contribuír ao reto demográfico.                                                                                                    | 1.550.000 €        |                    |                    |                    | 1.550.000 €         |
| Programa de incremento do parque público de vivendas                                                                                                                         | 3.424.744 €        |                    |                    |                    | 3.424.744 €         |
| <b>FONDOS PEA V 2018-2021</b>                                                                                                                                                |                    | 2.479.309 €        | 600.000 €          | 270.834 €          | 3.350.143 €         |
| <b>FONDOS MRR</b>                                                                                                                                                            |                    | 2.259.591 €        | 4.992.800 €        | 5.773.266 €        | 13.025.657 €        |
|                                                                                                                                                                              | <b>5.899.500 €</b> | <b>6.138.900 €</b> | <b>6.292.800 €</b> | <b>6.344.100 €</b> | <b>24.675.300 €</b> |

Os importes previstos con cargo a fondos autonómicos que se destinan a programas financiados con cargo aos programas de axuda do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia regulado no Real Decreto 853/2021, do 5 de outubro, son inferiores aos que está previsto destinar ao programa 6 de construción de vivendas de alugueiro social en edificios enerxeticamente eficientes, no escenario de menor cofinanciamento do IGVS

|                 | 2022        | 2023        | 2024         | 2025         | 2026         | TOTAL        |
|-----------------|-------------|-------------|--------------|--------------|--------------|--------------|
| Programa 6 PRTR | 1.475.116 € | 6.418.291 € | 19.934.702 € | 27.395.787 € | 13.035.064 € | 68.258.960 € |

As achegas do IGVS previstas en concepto de financiamento autonómico, para a anualidade 2022, por un importe de 5.899.000,00 €, financiaranse da seguinte forma:



| Proxecto              | Descrición                                                                                                           | Aplicación             | Crédito 2022          |
|-----------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------|-----------------------|
| <b>2022<br/>00010</b> | PROGRAMA DE INCREMENTO DO PARQUE PÚBLICO DE VIVENDAS. FCA                                                            | <b>08.81.451B.6703</b> | <b>3.424.744,00 €</b> |
| <b>2022<br/>00011</b> | AXUDA VÍTIMAS VIOLENCIA XÉNERO, PERSOAS OBXECTO DESAFIUZAMENTO VIVENDA HABITUAL, SEN FOGAR E OUTRAS VULNERABLES. FCA | <b>08.81.451B.4801</b> | <b>567.156,00 €</b>   |
| <b>2015<br/>00026</b> | AXUDA VÍTIMAS VIOLENCIA XÉNERO, PERSOAS OBXECTO DESAFIUZAMENTO VIVENDA HABITUAL, SEN FOGAR E OUTRAS VULNERABLES. FCA | <b>08.81.451B.4803</b> | <b>357.600,00 €</b>   |
| <b>2022<br/>00012</b> | PROGRAMA AXUDAS AS PERSOAS MOZAS E PARA CONTRIBUÍR AO RETO DEMOGRÁFICO. (FCA)                                        | <b>08.81.451B.7800</b> | <b>1.550.000,00 €</b> |

O importe de 357.600,00 € correspondente ao programa de axuda ás vítimas violencia xénero, persoas obxecto desafiuzamento vivenda habitual, sen fogar e outras vulnerables. que se imputará á anualidade de FCA autonómica está comprometido nas convocatorias actuais en tramitación do programa do bono de alugueiro social, en virtude do disposto na disposición adicional primeira do RD 42/2022, do 18 de xaneiro, efectividade das axudas, que posibilita que as axudas que se outorguen en aplicación dese real decreto podan recoñecerse con efectos do 1 de xaneiro de 2022 aínda que a data do recoñecemento fose posterior.

Actualmente están en tramitación as convocatorias do programa de axuda do bono de alugueiro social como prestación, que se financiará con cargo ao programa de axuda ás vítimas de violencia de xénero, persoas obxecto de desafiuzamento da súa vivenda habitual, persoas sen fogar e outras persoas especialmente vulnerables; o programa de adquisición de vivendas no marco do programa de axuda ás persoas mozas e para contribuír ao reto demográfico e están en proceso de elaboración as



convocatorias do programa de mellora da accesibilidade en e ás vivendas e do programa de axuda ao alugueiro de vivenda.

Ao tratarse o convenio de carácter plurianual requírese a aprobación previa do Consello da Xunta de Galicia, de acordo co previsto no artigo 58.1.b) do Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro e na disposición adicional segunda da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

Por todo o anterior, é necesario iniciar a tramitación do expediente para aprobación do convenio para a execución do Plan 2022-2025, mediante a solicitude dos informes preceptivos.

Santiago de Compostela

O director xeral do IGVS

Heriberto García Porto

(Documento asinado electronicamente á marxe)

